

xiv Feira Franca Os Inventos

Do, re, mi, fa, sol... notas musicais que traducen cancións para ser tocadas por outros, pólvora que se destrúe en mil cores de flores amarelas. Nenos e vellos que xogan ao xadrez nunha batalla íntima contra o tempo. Hai Feira Franca para festejar os inventos, hai Feira Franca en Pontevedra os días 6 e 7 de setembro na grande vila.

Soñadores fantásticos que converteron alquimias en tanxibles realidade, que mesturando nafta, nitrato e óxido fixeron arder o lume na auga. Descubridores de casualidades que cambiaron mundos e transformaron a realidade. Heroes silenciosos, anónimos, grandes, que trouxeron as verbas para sempre, a calor e os caldos, a música e a poesía.

Ven celebrar con nós a ilusión, que hai máis grande que ilusionarse?, que ter un obxectivo?, que loitar por un soño? Na Feira Franca imos celebrar soños, venturas, algarabías, imos celebrar notas musicais, figuras de xadrez, compases que descubren nortes imaxinados, figuríñas de cera para curar males de ollo, herbas e unguentos que espantan a parca e levantan os ánimos.

Imos celebrar porque hai Feira Franca sobre as pedras antigas pisadas por rodas que trouxeron proveito, enriquecidas por tímóns que levaron sempre a bo porto; vente, hai Feira Franca, acompañanos, goza da volta no tempo que inventamos a falta de máquina, constrúe a túa historia no pasado, invéntate cabaleiro, dama, fante mariñeiro ou camiñante, convértese en fada ou meiga, vistete con xustillo ou toucado, se leproso ou monxe, vendedor ou mendigo, enche as rúas de cheiro a peixe fresco e ledicia, come, baila, goza...

Vente, hai Feira Franca na ilustre vila de Pontevedra.

www.feirafranca.info



programa 2013

Venres 6. Xornada inaugural

- 19.00 h. **Pregoeiros a cabalo** anuncian polo centro histórico o comezo da XIV edición da Feira Franca.
- 19.30 h. Obradoiro de **bailes medievais** a cargo da *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, no Teucro.
- 21.00 h. Concerto **música medieval**, actuación de *Antiqua e Ultraia*, na basílica de Sta. María a Maior.
- 22.30 h. Espectáculo a **Luz dos enxeños** a cargo das compañías *Kull d'Sak e Troula*, na praza da Ferraría.
- 23.15 h. **Música e bailes medievais**, *Asociación de Coros e Danzas Duos Pontes*, na praza do Teucro.

Sábado 7. Día da Feira Franca

- 11.30 h. **Apertura do mercado medieval** (avda. de Santa María) e da **mostra de oficios** (na Ferraría).
- 11.30 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, a cargo da *Asociación Cultural Pola Vila* polas rúas do centro histórico.
- 12.00 h. **Recreación do transporte do viño** pola *asoc. Recreativa de Xeve, Art Monium*, animación, música, representacións... Percorrido: rúas de Santa Clara, Sarmiento, Pasantaría, praza da Ferraría e remate na praza da Peregrina.
- 12.30 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa*, na avda. Montero Ríos.
- 12.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Verdura.

- 13.00 h. **Tiro con arco**. *Boa Vila*, Montero Ríos.
- 13.30 h. Cetraría. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.
- 17.00 h. Exhibición de **danza**, *Club Treboada*, na avda. Montero Ríos.
- 17.00 h. Demostración e obradoiros de **esgrima**, *Escola Hungaresa*, na avda. Montero Ríos.
- 17.00 h. **Cetraría**. *Falcóns Galicia*, Montero Ríos.
- 17.30 h. Praza de Touros. **Torneo medieval** a cargo de *Legend Especialistas*. Entrada de balde ata completar aforo.
- 17.30 h. Exhibición e obradoiro de iniciación á **esgrima antiga**, *Mercenarios do Norte*, na Ferraría.
- 18.00 h. **Cantigas de Afonso X e música medieval**, *Asoc. Cultural Pola Vila*. Centro histórico.
- 18.30 h. **Competición-exhibición de tiro con arco**, *Clube Boa Vila*, na avda. de Montero Ríos.
- 19.00 h. **Pasarrúas de bufóns e trovadores**. Centro histórico.
- 19.00 h. **Exhibición de danza** a cargo do *Club Treboada*, na avda. Montero Ríos.
- 19.30 h. **Pasarrúas**. *Art Monium*. Centro histórico.
- 20.00 h. Praza de Touros. **Torneo medieval** a cargo de *Legend Especialistas*. Entrada de balde ata completar aforo.
- 21.00 h. **Pasarrúas musical**. *Art Monium*.
- 21.00 h. **Cantar de cego e música medieval** a cargo de *Foula* polas rúas do centro histórico.
- 21.45 h. **Pasarrúas dos Errantes**. Centro histórico.
- 23.00 h. **Pasarrúas e fin de festa**. *Art Monium*. Centro histórico.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
cancellaría de festas



Festa de Interese Turístico de Galicia

Plano guía sobre actividades e espazos das asociacións

Plano medieval de Pontevedra · Espazos da Feira Franca

Ambientación a cargo da Escola Paspallás

1. Praza da Ferraría
2. Praza da Leña
3. Praza do Teucro [azougue]
4. Praza de Curros Enríquez [antigo hospital de san Xoán de Deus]
5. Praza da Pedreira
6. Praza da Verdura [feira]
7. Praza de Méndez Núñez [campo da herba]
8. Teatro Principal [antiga igrexa de san Bartolomeu]
9. Igrexa de Santa María
10. Paseo de Santa María [lampán dos xudeos]
11. Ponte do Burgo
12. Avda. de Santa María [cirado das torres]
13. Xardíns de Casto Sampedro
14. Avda. de Montero Ríos
15. Praza de Touros
16. As Palmeiras

Fogos populares

PALCO DA MÚSICA

12.00 a 13.00. **Contacontos: O astrolabio máxico**

18.00 a 19.00. **Obradoiro de navegantes: compás de papel**

19.00 a 20.00. **Obradoiro para navegantes que observan as estrelas: astrolabio de papel**

PRAZA DA PEDREIRA. 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00

Círculo de xogos e Escola de navegantes: fabricación de embarcacións e sombreiros de capitán (soportais)

PRAZA DE ESPAÑA

12.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00. **Campamento medieval**

11.00 a 21.00. **Carrusel**

17.00 a 21.00. **Castelo: obradoiro de manualidades**

ITINERANTE. 13.00 a 14.00 e de 20.00 a 21.00

Actuación: Gutenberg e amigos!

ENTRADA DO CITA. 16.30 a 19.00

A procura do tesouro

Guía de actividades fixas

Asoc. Recreativa Xeve. Representación da comitiva do transporte do viño (mercadores, labregos e arrieiros). O grupo irá escoltado polos gardas do antigo couro de Xeve, encabezados polo señor do pazo de Gondar.

Asoc. de Coros e Danzas Duos Pontes. Taberna medieval (parte posterior Concello). Venres, espectáculo (Teucro).

Clube Boa Vila de Tiro con Arco. Demostración de tiro con arco e competición. Avda. de Montero Ríos.

Asoc. socioc. de Meiro-Corvo (Bueu). Recreación dun alpendre de aldea e alboio. Obradoiros. Ferraría.

Asoc. socioc. Cedofeita. Soportais do edificio do Museo, rúa Sarmiento. Obradoiro de confección de papel vexetal.

A.VV. Salcedo Norte. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais. Xardíns de Casto Sampedro.

A.VV. San Bieito de Lérez. Xantar e cea medieval acompañados de xogos tradicionais para nenos e nenas. Palmeiras.

Asociación Alba (asoc. de familiares e amigos de axuda a enfermos psíquicos). Obradoiro de olaría. Ferraría.

Ventos. Obradoiro de caligrafía e xoiaría vexetal. Ferraría.

Mercado medieval de ALIMENTACIÓN. Alameda, Pasertería, Ferraría e praza de Curros Enríquez.

Mercado medieval de ARTESANÍA. Avda. de Santa María.

OFICIOS. Ferraría. Toneleiro, telleiros, oleiro, sombreireira, redeiras, tecedeira, palilleiras, zoqueira, cesteiro, curtidor...

